



O diario no **ciberespacio de Sumai** en 'Anxos da Garda'

Relata Anxos Sumai anacos de vida, creación literaria: follas dun diario sobre ordenador que dende o ano 2001 foi deitando na rede na web de cultura galega.org. Auténticas pímulas de supervivencia que todos os días –dende o mes de setembro ata abril– volcaba no ciberespacio e que agora se recollen en 'Anxos da Garda' en Edicións A Nosa Terra coa que inaugura a nova colección 'Central Literaria'.

Pímulas doces. Tamén pantásticas. Con ironía ou doses de melancolía que esparaxen un mundo persoal –tamén anónimo e íntimo– no que chegamos a emoción e mesmo a identificarse. Pode acontecer o insólito de que desate a risa. E escribe en domingo día 8 de setembro: "A miña nai o primeiro que le

dun xornal son as esquelas, e, despois, o horóscopo. Hoxe foi Sisi, a miña irmá pequena, quen llo leu en voz alta, en castelán que é como está escrita aínda a máis da prensa: "A lo largo de la semana podrá satisfacer todos sus deseos carnales". Mamá, un tanto cabreada, dixo: "¡Vaia! Xusto aghora que namais podo comer peixe". Mirámonos preguntándonos uns ós outros quén lle ía explicar o que eran os desexos carnales, pero preferimos calar e seguir tomando o café tranquiliños". Oeste foi o lugar de Catoira onde naceu Anxos Sumai en 1960. Letrista de distintos grupos de rock and roll, guionista de banda deseñada, documentalista no Consello da Cultura, deixa caer 'Anxos da Garda'.